

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN SOTAVENTO GALICIA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE IMPULSO E DIVULGACIÓN EN MATERIA DE ENERXÍAS RENOVABLES E DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PARQUE EÓLICO EXPERIMENTAL SOTAVENTO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Fundación Sotavento Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o o día da sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Inega e a Fundación Sotavento Galicia para a realización de actividades coa finalidade de impulsar e divulgar as enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética, así como difundir o carácter experimental e de demostración con que están concibidas as instalacións do Parque Eólico Experimental Sotavento, para a divulgación deste tipo de tecnoloxías entre a colectividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Fundación Sotavento Galicia é unha fundación de interese galego que ten entre os seus fins fundacionais a promoción, divulgación, formación, fomento e debate de todos os aspectos relacionados coas enerxías renovables, así como a promoción e realización de proxectos, estudos e outras actuacións de investigación e



experimentación relacionados coa enerxía eólica en particular e coas enerxías renovables en xeral; fomentar e divulgar a importancia do aforro e a eficiencia enerxética para conseguir un desenvolvemento sostible, promover, divulgar e fomentar actuacións que vinculen o desenvolvemento enerxético á protección do medio ambiente, así como calquera outro tipo de actuación que implique unha mellora na optimización e implantación das enerxías renovables en xeral, e da eólica en particular.

Sotavento Galicia S. A. patrón único da Fundación Sotavento Galicia, está participada por dúas entidades públicas: Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía (IDAE), e catro empresas privadas en representación do sector eléctrico de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de agosto de 2016

